Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: C2FT9DLDLEJO2NG3LAFJ7BSD
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 14/06/2018 10:13:48 Página 1 de un total de 3 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

NATURA 2000

**ANEXO III** 2018/CP/097

# CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

## AXUDA

| | | | |
|---|---|---|---|
| Referencia: LIFE 16 NAT/000707<br>Título: LIFE IN COMMON LAND. Managing land in common, a sustainable model for conservation and rural development in Special Areas of Conservation. | | | |
| CENTRO: Facultade de Ciencias | | | |
| OBXECTO DO CONTRATO:<br>Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica. | | | |
| LUGAR E HORARIO: Facultad de Ciencias y/o CICA con frecuentes saídas ao campo, 20 horas semanais | | | |
| GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1 | | | |
| CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)<br>Investigador asociado ☒    * Investigador en formación ☐   * Require matrícula programa doutoramento SUG<br>Técnico de apoio á investigación ☐    Axudante de apoio á investigación ☐<br>Técnico administrativo ☐    Axudante administrativo ☐ | | | |
| XORNADA | Tempo Completo: ☐ | Tempo Parcial: ☒ | |
| DURACIÓN | 10 meses (1/9/2018-31/6/2019) | DATA APROX. DE INICIO | 1 set 2018 |
| RETRIBUCIÓNS BRUTAS : 1.066,60 euros/mes (incluíndo o prorrateo de pagas extra) | | | |
| PARTIDA ORZAMENTARIA: 61.00.28.00.90. 541A.649.02. | | | |

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

## REQUISITOS

| |
|---|
| TITULACIÓN: Doutor/a, licenciado/a ou grao en bioloxía, ciencias ambientais, enxeñeiro/a de montes ou foreestal |
| EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria |
| REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes |

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

| |
|---|
| LUGAR: Por correo electrónico ao enderezo jaime.fagundez@udc.es |
| PRAZO: 10 días dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC |

## ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

| |
|---|
| ÓRGANO: O investigador principal do proxecto – Jaime Fagúndez Díaz |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Fac. de Ciencias. |

**A Coruña/Ferrol, 4 de xuño de 2018**
**O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL**

**Asdo.:**

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

# MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

**Título do proxecto: "Life in common land. Managing land in common, a sustainable model for conservation and rural development in Special Areas of Conservation" [LIFE 16 NAT/ES/707]**

## A) COLABORACIÓN E REALIZACIÓN DAS SEGUINTES TAREFAS:

1. Análise de condicionantes da gandería extensiva sobre terreos comunais en hábitats prioritarios, incluíndo entrevistas a gandeiros, comuneiros e reunións informativas cos mesmos.
2. Censo, seguimento e análise da dinámica de poboación, organización social, uso do espazo e manexo das greas de cabalos salvaxes. Incluíndo análise de datos GPS, traballo de campo de seguimento das greas e entrevistas a besteiros.
3. Avaliación da repercusión do proxecto sobre os servicios ecosistémicos.
4. Elaboración de pregos técnicos de proxectos de ordenación forestal e seguimento dos traballos.
5. Traballos técnicos de rexeneración de brezais mediante xestión gandeira, desbroces e queimas: asesoramento, elaboración de pregos, seguimento dos traballos.
6. Mostraxe e seguimento de hábitats prioritarios 7110*, 7130* y 4020*.
7. Sensibilización e difusión pública de resultados do proxecto, incluíndo elaboración de documentos e materiais, publicacións, organización de visitas e reunións, organización e participación en grupos de traballo.
8. Realizar trámites administrativos e os informes técnicos, e administrativos necesarios para garantir a boa marcha das actuacións.

Horario no que se desenvolverán as tarefas: estímase unha dedicación do 30% do tempo en xornadas de campo no ZEC Serra do Xistral e accións de divulgación por Galicia. Estímase unha dedicación do 70% a xornadas de gabinete para análise e integración de datos, redacción de informes e labores de xestión.

## B) REQUISITOS DOS CANDIDATOS/AS:

1. Estar en posesión do título de doutor. Temática da tese relacionada coa ecoloxía e/o xestión de cabalos salvaxes e/ou gando extensivo.
2. Titulación: licenciado/grao en bioloxía, ciencias ambientais, enxeñería forestal ou de montes.
3. Realización de todas as tarefas descritas, polo que o candidato debe ter experiencia en:
   - Ecoloxía e manexo de équidos salvaxes, metodoloxías de estudo, dinámica de poboacións, estrutura social, uso do espazo, etoloxía.
   - Seguimento de équidos mediante tecnoloxías VHF ou GPS.
   - Entrevistas a gandeiros/besteiros/comunidades de montes.
   - Redacción de proxectos de ordenación forestal.
   - Estado de conservación e manexo de hábitats prioritarios.

**<u>Documentación que debe presentar o solicitante:</u>**

1. Copia do DNI, NIE ou pasaporte.
2. Copia da Titulación académica / título de doutor.
3. Carta de presentación.
4. *Curriculum vitae.*
5. Xustificante dos méritos incluídos no *Curriculum vitae*.

**Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: C2FT9DLDLEJO2NG3LAFJ7BSD**
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 14/06/2018 10:13:48 Página 2 de un total de 3 página(s).

– Sistemas de Información Xeográfica (ArcGIS, gvSIG) e análises estatísticos (SPSS).
– Labores de divulgación.

4. Nivel de inglés mínimo B2.
5. Coñecemento do idioma galego acreditado mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado pólo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

**C) CRITERIOS DE VALORACIÓN DE CANDIDATOS/AS:**

O proceso de selección consistirá nas seguinte etapas:

1. Avaliación de candidaturas en base á documentación recibida. Será comprobada a adecuación do perfil do candidatos aos requisitos da convocatoria.

2. Entrevista persoal. Os candidatos que superen a selección serán invitados a unha entrevista persoal na que serán avaliadas as capacidades e adecuación ao posto. A entrevista persoal suporá un 25% da cualificación final.

Os criterios de valoración de méritos serán como segue:

| MÉRITOS | EXCLUINTE | CRITERIOS DE VALORACIÓN | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| Título de doutor | SI | - | - |
| Licenciatura/grao en bioloxía, ciencias ambientais, enxeñería forestal ou de montes | SI | - | - |
| Publicacións e comunicacións en congresos ou xornadas que demostren coñecementos en ecoloxía e manexo de équidos salvaxes e gando extensivo | SI | Publicacións relacionadas coa temática: Máximo 10 puntos. 3 puntos por cada unha en revistas JCR, 0,5 puntos resto revistas, 6 puntos por libro,1 punto por capítulo.<br>Comunicacións en congresos ou xornadas relacionadas coa temática. Máximo 10 puntos. 1 punto por comunicación en congreso internacional, 0,5 puntos en congreso nacional. | 20 puntos |
| Experiencia en traballos de seguimento e análise da dinámica de poboación, organización social, uso do espazo, manexo de cabalos salvaxes, seguimento de équidos con sistemas VHF/GPS e entrevistas a gandeiros | SI | 2 puntos por mes | 25 puntos |
| Proxectos de ordenación forestal | NON | 1 punto por mes | 10 puntos |
| Experiencia en traballo con SIX | SI | 0,5 puntos por mes | 10 puntos |
| Actividades divulgativas | SI | 1 punto por congreso internacional, 0,5 puntos por congreso ou xornada divulgativa nacional/rexional | 10 puntos |
| Coñecemento de inglés | SI | Acreditar nivel mínimo B2 ou equivalente | - |
| Coñecemento da lingua galega | SI | Acreditar CELGA 4 ou título validable | - |
| Entrevista | | | 25 puntos |

Os méritos alegados polos participantes haberán de acreditarse documentalmente e cumprirse ao término do prazo de presentación de instancias.

**Asdo. Jaime Fagúndez Díaz**
Responsable do proxecto

Jaime Fagúndez

Firmado digitalmente por Jaime Fagúndez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Jaime Fagúndez, o=Universidade da Coruña, ou, email=jaime.fagundez@udc.es, c=ES
Fecha: 2018.06.08 08:31:45 +02'00'

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Copia do DNI, NIE ou pasaporte.
2. Copia da Titulación académica / título de doutor.
3. Carta de presentación.
4. *Curriculum vitae.*
5. Xustificante dos méritos incluídos no *Curriculum vitae*.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: C2FT9DLDLEJO2NG3LAFJ7BSD
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 14/06/2018 10:13:48 Página 3 de un total de 3 página(s).